

Versos e flores para reivindicar a figura e a mensaxe de Rosalía

Montse García SANTIAGO



Sandra Alonso

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega celebrou o aniversario da poeta cun acto no Panteón de Galegos Ilustres en Santiago

19 feb 2022 . Actualizado a las 16:52 h.

As verbas de **Rosalía de Castro** resoaron ao seu carón no **Panteón de Galegos Ilustres**, en Santiago, para festexar o **185 aniversario do seu nacemento**, que se cumprirá o día 23, como así se documentou despois do achado hai un ano dunha acta notarial da nai da escritora por parte da investigadora Sagrario Abelleira. *Adeus ríos, adeus fontes; A xustiza pola man, Amores cativos, Lúa descolorida, O moucho, Silencio e Daquelas que cantan* foron algúns dos poemas escollidos polos participantes este sábado no acto impulsado pola **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG) para amosar a vixencia da mensaxe de Rosalía de Castro.

«A súa obra é alicerce que alimenta o pensamento, a súa obra é fonte de coñecemento, **axúdanos a saber ler a palma da man do noso tempo**, para que non asumamos, ás veces sen saber, discursos hexemónicos nos que subxace o racismo e o sexismo. Rosalía dános ferramentas para denunciar a homofobia, a transfobia. A súa é unha obra clarificadora para que saibamos ver e alonxarnos das lóxicas de dominación do patriarcado», asegurou **Cesáreo Sánchez**, presidente do colectivo do colectivo de escritoras e escritores. Pola súa banda, a escritora **Beatriz Maceda Abeleira**, encargada este ano de elaborar o manifesto da AELG con motivo do Día de Rosalía, resaltou que «non hai nada máis poderoso que as voces legadas polas nosas devanceiras, para arrodear os sentires, as emocións, a rebeldía, a liberdade dese pensamento sobre o que ninguén pode mandar».

O acto, ao que asistiron representantes tanto do ámbito político como cultural e incluíu unha ofrenda floral, tamén serviu para reivindicar que o Panteón de Galegos Ilustres «sexa un lugar laico, de aceso público e de propiedade pública [...] Non seríamos merecentes de Rosalía e da súa obra se permitísemos que Bonaval deveña nun frío cárcere, que é aberto de cando en vez».

As actividades para festexar o Día de Rosalía multiplícanse nos vindeiros días, cos actos centrais da fundación da autora de Follas Novas o día 23, despois de variar este ano a data polo achado.